



## Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Tratamento da información na xestión e avaliación das institucións		Código	652512205	
Titulación	Mestrado Universitario en Dirección, Xestión e Innovación de Institucións Escolares e Socioeducativa				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinación			Correo electrónico		
Profesorado			Correo electrónico		
Web					
Descrición xeral	Na xestión e avaliación das institucións se ten que traballar cun número importante de datos que nos van a servir de fundamento para a toma de decisións como xestores. Nesta materia se verá algúns deses datos, cómo se recollen e cómo se tratan.				

## Competencias do título

Código	Competencias do título
A5	Deseñar, analizar, seleccionar e aplicar técnicas e instrumentos de recollida e análise da información para desenvolver procesos de avaliación de programas, servizos, estratexias e recursos de intervención socioeducativa en diversos contextos.
A8	Redactar, presentar e defender proxectos de investigación e informes, memorias, regulamentos, así como outros documentos básicos que contribúan a organizar a acción escolar e/ou socioeducativa.
B2	Capacidade de resolución de problemas
B3	Habilidades para localizar e analizar información de fontes diversas
B7	Capacidade para elaborar e defender un discurso ante diferentes audiencias
B8	Traballo colaborativo
B10	Traballo autónomo
B12	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B13	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B14	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B15	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B16	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo.
B17	Comunicar as conclusións -e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan- a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B18	Aplicar os coñecementos adquiridos e a capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida

## Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer e deseñar as principais técnicas de recollida da información nos procesos de intervención socioeducativa.	AP5	BM3 BM8 BM10 BM12 BM16	CM3 CM7
Coñece, planifica e pon en marcha as principais técnicas de análise da información de procesos de intervención socioeducativos.	AP5 AP8	BM2 BM7 BM8 BM10 BM13 BM14 BM15 BM17 BM18	CM3 CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A recollida e a análise da información no proceso de planificación e desenvolvemento da investigación, avaliacións e xestión dos programas e servizos socioeducativos	1.1. Proceso de planificación da recollida de información: aspectos clave. 1.2. Responsable/s da recollida e grupo/s destinatario/s. 1.3. Momentos da recollida da información: inicial, procesual e/ou final. 1.4. A análise da información ao longo do proceso: programas informáticos para o tratamento da información.
Tema 2. Técnicas de recollida e análise da información	2.1. A selección de técnicas de recollida de información cuantitativa e cualitativa. 2.2. Técnicas de análise de información cuantitativa (estatística descriptiva e inferencial) e cualitativa.
Tema 3. Análise e interpretación dos datos	3.1. Interpretación e valoración dos resultados 3.2. A redacción e presentación dos datos: o informe final.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	B8 C7	10	12	22
Sesión maxistral	A5 A8 B12 B13 B14 C7	8.5	0	8.5
Análise de fontes documentais	B2 B3 B7 B10	8	12	20
Discusión dirixida	B2 B3 B13 B14 B15 B18 C3	8	12	20
Presentación oral	B2 B3 B7	8	12	20
Proba obxectiva	B3 B10 B12 B14 B15 B16 B17 C7	2	10	12
Atención personalizada		10	0	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en grupos pequenos para a resolución dos problemas plantexados na aula



Sesión maxistral	<p>Algúns contidos do programa precisan unha exposición maxistral por parte do profesorado para centrar o proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Por iso, as clases expositivas, céntranse na exposición oral dos ditos contidos, complementada co emprego de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p>
Análise de fontes documentais	Supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Presentación oral	Presentación dos traballos de clase
Proba obxectiva	Proba escrita para a avaliación da aprendizaxe. Pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Na atención personalizada se dará resposta as dúbidas plantexadas polo alumnado. Está vinculada, principalmente á resolución dos problemas plantexados na aula e polas metodoloxías empregadas. A súa finalidade é facer un seguimento do traballo do alumnado e proporcionar as orientacións necesarias para a súa realización, poñendo en xogo unha avaliación procesual e formativa.

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	B2 B3 B7 B10	Analizaranse fontes documentais relacionados con algún dos apartados dos temas do programa que seleccionará o alumnado. Os pasos a seguir son: documentación, guiión xeral, sesións periódicas co profesor para o seguimento, preparación da presentación e exposición na aula?.	20
Presentación oral	B2 B3 B7	Exposición oral dos traballos realizados.	10
Aprendizaxe colaborativa	B8 C7	Realizaranse traballos en grupo relacionados con algún dos apartados dos temas do programa que seleccionará o alumnado. Os pasos a seguir son: selección do tema, documentación, guiión xeral, sesións periódicas co profesor para o seguimento, preparación da presentación e exposición na aula?.	20
Proba obxectiva	B3 B10 B12 B14 B15 B16 B17 C7	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, etc.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>	40
Discusión dirixida	B2 B3 B13 B14 B15 B18 C3	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.	10

### Observacións avaliación



**ASISTENCIA:** A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria (> 80%). O alumnado con asistencia regular, que non acuda a unha clase na que se realice algunha actividade, terá que facela individualmente e entregala no prazo indicado á clase.

Aquelas persoas con matrícula a tempo parcial poderán acollerse a unha modalidade de avaliación específica. Para isto, fai falta solicitar unha tutoría, antes ou inmediatamente despois do inicio da materia, co obxecto de establecer as actividades de avaliación e o proceso de supervisión e seguimento.

**REQUERIMENTOS PARA APROBAR A MATERIA:**

- Acalificación final será o resultado da puntuación obtida nas actividades realizadas (prácticas a través de TIC, solución de problemas), a asistencia a clase (ata un máximo de 1 punto) e da proba mixta, sendo indispensable obter a metade da cualificación en cada parte para superar a materia. Se un/a alumno/a non obtén o mínimo nalgunha das partes da materia, terá unha calificación de 4 (calquera que fora a súa cualificación) na 1ª oportunidade.

- Na oportunidade de xullo realizará un exame teórico sobre os contenidos tratados na aula.

**PLAXIO:** o plaxio en calquera das actividades realizadas durante a materia, será motivo de suspenso.

**FALSIFICACIÓN DUNHA FIRMA:** Firmar na folia de asistencia por un/unha compañeiro/a ausente será penalizado coa perda da avaliación continua.

**COPIA NOS EXAMES:** O uso indebido de información durante os exames tamén será motivo de suspenso.

**Fontes de información**

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amezcua Viedma, C. (1996). Evaluación de programas sociales. Madrid: Diaz Santos</li> <li>- Anduiza Perea, E. (1999). Metodología de la ciencia política. Madrid: Centro de investigaciones sociológicas</li> <li>- Carlberg, C. (2012). Análisis estadístico con excel. Madrid: Anaya</li> <li>- García Samz, M.P. (2012). Fundamentos teóricos y metodológicos de la evaluación de programas. Murcia: DM</li> <li>- Gil Pascual, J.A. (2016). Técnicas e instrumentos para la recogida de información . Madrid: UNED</li> <li>- Grima, P. (2011). La certeza absoluta y otras ficciones. Los secretos de la estadística. Barcelona: RBA</li> <li>- Martínez Mediano, C. y Galán González, A. (2014). Técnicas e instrumentos de recogida y análisis de datos. Madrid: UNED</li> <li>- Pulido San Román, A. (1992). Estadística y técnicas de investigación social. Madrid. Pirámide</li> <li>- Rubio, M.J. y Varas, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social. Madrid: CCS</li> <li>- Rodríguez Osuna, J. (1993). Métodos de muestreo. Casos prácticos. Madrid: Centro de investigaciones sociológicas</li> </ul> <p>A medida que avance a materia irase referenciando bibliografía específica sobre a temática tratada.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

"Recoméndase enviar os traballos telematicamente e, de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais".



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías